# Faladoiro

Ano X Número XV




C.E.I.P. TORRE - BUEU

30 DE XANEIRO



BUSQUEMOS A PAZ

YOLI
5 ANOS

# NOTICIAS DOS PEQUENOS

NO MAGOSTO ASAMOS CASTAÑAS, FIXEMOS

XOGOS E RACHAMOS A PIÑATA QUE ERA

UN OURIZO PACO O QUE COME POR

CATRO ESTABA CHEO DE CARAMELOS E GLOBOS

ILA







# PLANTAMOS CASTAÑAS

DESPOIS DO MAGOSTO PLANTAMOS CASTAÑAS NUNS CARTÓNS DE LEITE AGORA TÉMOLOS QUE COIDAR PARA QUE NAZCAN OS CASTIÑEIROS

SERGIO 5 ANOS



MAGARUVANA

# MAGA RULANA

CELA S DEMADAL
DEAPP 8
ONTE VEU A MAGA
RULANA E CONTOUNOS
MOITOS CONTOS

SARA



LUNES 2 DE NOVIEMBRE 1º

José Martin Gil Martinez

ESTA-É-A-NOSA-PIÑATA.



CON-ELA-PASAREMOLO-MOI-BEN-O-DIA-DO-MAGOSTO

# O BELÉN

Este ano o noso belén quedou moi bonito. Fixemolo das razas distintas que hai no mundo: negros, blancos, chinos, e indios.

Na nosa clase fixemos os negros masais, utilizamos botellas de auga pequena, masa de papel para a cabeza e papeis de cores distintos, tamén lle, puxémos pelo con lás, collares con macarróns, unha lanza e un escudo.

As outras clases fixeron o resto das figuras e tamen as casas e os coches da cidade, a muralla china, as chozas do poblado, os animais, as palmeras, etc.

A Virxen Maria, San Xose e o neno estaban nun deserto e Melchor, Gaspar e Baltasar viñan andando polo camiño.

Nos fixemos o belén coas razas porque pensamos que todolos homes somos iguais ainda que sexamos de distinta cor e todos temos que axudarnos para facer un mundo mellor.

Manuel Garrido Antón 4º.






ADRÍAN. ESTEVEZ PASTORIZA.
1º


Noemi 6 Años
1º
Noemi
Celia
Selene

# ARROLOS

Aí vén Pedro Cego
saltando nas portas,
dicindo ás mulleres
que pousen os fusos,
que pousen as rocas,
zumba no fuso,
zumba na roca,
zumba na ama
ata que emborca.

O meu neno está no berce,
eu non deixo de vixiar,
voan ás agoireiras,
¿soñara, que soñará?

Durme ti ben, meu meniño,
que o teu pai vai no mercado,
hache de trae-las roscas
e un tirolivo furado.

Home de fóra
que trepas na lama,
o pai do miniño
estache na cama
eh, rou, rou,
esta noite, non.

Home de fóra
de mal entender
colle o camiño
pra mañá volver,
eh, rou, rou, esta noite non
¡ven mañá que xa tocará!

Predo Chosco é o meu amigo
que me vén a visitar:
cando Predo Chosco vén
son horas de me deitar.

Sabela Pérez Carballo, 3.º
Zuleita Jorge Amoedo, 3.º
Arantxa Novas Entenza, 3.º
Sarai Gómez Juncal, 3.º

# ADIVIÑAS PARA O NADAL

icruchs-cront
Este- postre- durio-
ten - que- ser.....

MARI 1º

Nome de papá
apelido de nadal
enidioma americano
e ven unha vez o ano.

Selene 1ª

cabeleira duourada
era a noite fria
Os reis a Belen
Os pasos lle guia.

LOURENZO 1º

SOLUCIONS:



ERIC



IVAN



NEREA 1º


O NADAL
BO NADAL


FAI DEPORTE
É O MELLOR
PARA TI
Sheila 5º
DIBUJO: Victor

# Xogos

- Nome do xogo: Billar
- Participantes: maximo 4.
- Material: mesa de billar, bolas de cores numeradas, paus, tacos de tiza, e un triángulo.
- Espacio: calquer espacio ou sala.
- Normas: colocar as bolas dentro do triángulo. Sacar o triángulo, (a bola branca colócase no outro lado da mesa), hai que darlle co pau a bola branca para meter-las outras nos buratos da mesa. Se alguén mete a bola negra perde e se mete a branca dous tiros para o outro xogador. Uns teñen que meter as de duas cores e outros as de unha sola cor, se alguien mete as bolas do contrario perde dous tiros.

Victor G. 5º



# Xogas

Abrahan
5º

- Nome do xogo → o xadrez.
- Participantes → dous
- Material → fichas e taboleiro.
- Espacio → calquera sala
- Normas:

• O rei e a raíña móvense en todas direccións.
• O cabalo móvese en forma de ele.
• As torres en vertical ou en horizontal.
• O. alfil en diagonal.
• Os peóns móvense sempre para adiante.
· E gaña o que mate o rei.





5º
Abrahan

# Salto de canguro

Participantes: de 1 en 1

Material: pelota e reloxo

Espacio: o patio

Normas:

Primeiro collela pelota
Despois poñe-la nos nocellos
O que ten a pelota vai ata meta saltando, mentras o outro cronometra.
Gaña o que faga menos tempo.

Fátima
5º Curso



# PANXOLIÑA DE NADAL

Correde ben, rapaces,
vinde todos ó Portal . (bis)
cantemos todos xuntos
o Misterio de Nadal (bis)

Alá pola noite,
cando o galo canta,
nunha vila santa
chamada Belen,
mortiño de frío,
nun pobriño establo,
naceu, malpocado,
Xesús, noso ben.

Mortiño de frío,
non tiña nin tentos,
e dáballe alentos
a mula e o boi (bis)

Malpocadiño, nas pallas
o rei de reis está. (bis)

Sergio Resille 2º

# RINCÓN POÉTICO





Paxaro cabreado
¿quen te cabreou?
-Un lobiño feo
que á noite oubeou.

Paxaro cabreado,
o lobo oubeu.
Por facer o chulo
o lobo o trabou.

Pablo López

Todos van á praia
cando chega o calor,
e no grande xardín
sempre nace unha flor.

A flor é rosada,
todos a admiran;
no grande xardín
todos a miman.

Melisa Garrido



Aquel paxariño
que estaba na pola,
era pequechiño
e chora que chora.

Sua nai o deixou
no niño de palla
estaba calado
ó carón da praia.

Alexandro Rodríguez



Tódolos días á noite
nas ondas da alta mar
óense a homes e mulleres
que morreron ó pescar.

Tódolos mariñeiros
teñen medo ó temporal,
e, solo pensar en iso
xa lles da moito mal.

Sheila Lobeira

Raposo manchado
¿que estás facendo?
-Estou collendo
un longo remendo.

¿Como o vas coller?
-Bebendo un café
¿E, quen cho fixo?
-Fixomo San Andrés.

Rosa Mª Costa

Melisa Garrido Antón 6º

Redacción

A castaña Melisa 

¡Hola! Eu son unha castaña, chámome Melisa. Estou no alto dun castiñeiro, desde aquí podo ver a miña cidade, o mar e o monte. Miro o que fan os veciños, tamén me gusta moito escoitar as olas do mar, estou feliz.



Un día vin o lonxe que viñan uns rapaces cuns paus e unhas bolsas, que se dirixían o castiñeiro no que estaba eu, comecei a ter medo, pero non podía fuxir, os rapaces comezaron a dar cos paus no castiñeiro, o ourizo no que eu estaba comezou a regañar, e entón... ¡ala bou! caín do ourizo, levei un trompazo...

Os nenos comezaron a coller as castañas que tiraran, menos a min, que quedei tirada no chan, desde alí só se vían herbas e algúns bichiños que querían entrar en min; alí aburríame moito.



Como é normal a un castiñeiro van moitas persoas a coller castañas.

O seguinte día veu outro rapaz, este rapaz colleume e levoume para a súa casa; queríame asar, empezou a cortar as castañas para que non saltasen na sartén, pero a min non me cortou e máis meteume na sartén.

Cando estaba na sartén comecei a sentir moito calor, estábame queimando, pero entón saltei da sartén e saín pola ventá, levei outro trompazo de manda truco.

Estiven alí días. Estaba cerca doutro castiñeiro. Cando vin, achegábase unha nena de cabelo louro, que me colleu e dixo:



—¡Qué castaña máis bonitiña!, plantareina e converterase nun castiñeiro.

O escoitar isto sentinme moi feliz, íame converter nun castiñeiro.



Pasados os anos eu convertinme nun grande e fermoso castiñeiro, ás veces acórdome da miña vida como castaña.



Fin.

# DITOS POPULARES REFERIDOS AS CASTAÑAS





*~~EN AGOSTO AS CASTAÑAS ARDER; E EN SETEMBRO BEBER~~

*FÍATE NAS CASTAÑAS ASADAS, QUE, SE ESTOUPAN, SAÍRANCHE A CARA

*TEMPERÁ É A CASTAÑA QUE POR SETEMBRO REGAÑA

*ACABÁRONSE AS VENDIMAS
E VEÑEN AS ESFOLLADAS
PARA COMER COAS MOZAS
CATRO CASTAÑAS ASADAS



*NON CHAS QUERO, NON CHAS QUERO
CASTAÑAS DO TEU MAGOSTO;
NON CHAS QUERO, NON CHAS QUERO
QUE ME CHEIRAN O CHAMUSCO



A CULPABLE E: ANDREA CRUJEIRAS 6°





# HUMOR

Era un ano tan seco, tan seco que as vacas deron leite en polvo.

Manolo aquí cheira a morto ¡Manolo!¡¡Manolo!!

¿En que se diferencia un borracho dunha árbore? En que a árbore empeza no chan e remata na copa e o borracho empeza na copa e remata no chan.

Iba un home cunha carreta de esterco e encóntrase un amigo que lle pregunta ¿Para que é ese esterco? ¡Para botarlle ás fresas! ¡ai! pois eu na casa bótolle nata.

¿Que lle di un feixe de herba a outro? ¡Estamos apañados!

¿Cal é o colmo dun cazador? - ¡Pretender caza-la Osa Maior!

¿Porque os de Lepe póñenlle á televisión tres antenas? -¡Para ver Antena Tres!

¿Cal é o colmo dun futbolista?
Ter un fillo pelota.

¿En que se parecen alguns homes o un cepillo de dentes? En que sin pasta no valen nada.

Un matrimonio durme cando soan as campas do relaxo; ¡Tan, Tan!
- Pepe ¿Que hora é?
-A unha
-¿Estás seguro?
-¡Como non vou a estar seguro si a oin duas veces.

¿Sabes por que os de Lepe poñen unha bañeira enriba do coche policia?
-Para mete-la sirena

¿Como se di pan en Africa?
¡Bim-bo!

¿Cal é o colmo dos colmos?
- Que un mudo lle diga a un xordo que un cego esta mirando.

¿Que lle di un piollo a Indurain?
-¡Gañar, gañarás, pero eu irei en cabeza!

4º




NOS PES TEÑO OS OLLOS
DUAS PUNTAS NA CABEZA
E PARA FACERME TRABALLAR
OS OLLOS HAMME DE TAPAR

¿QUEN SON?

¿ADIVIÑA, ADIVIÑANZA
QUE BICHO ME PICA NA
PANZA?

GRANDE O TEÑO MAIS O
QUIXERA QUE ENTRE AS
PERNAS NON ME CUPERA

COAS CINCO PRIMEIRAS LETRAS
DIME QUE CASTA SON
É CERTO QUE ENXENDRO E DOU
OUTRAS FILLAS VINDEIRAS
ONDE ENTERRADA ESTOU

SOLUCIÓNS

*AS TESOIRAS
*A FAME
*O CABALO
*A CASTAÑA

FISÉRONNOS PENSAR:
SABRINA, ÁNGELES E
ANDREA. 6º CURSO

# O DEPORTE NO COLEXIO

<u>COMPETICIONS INTERNAS:</u> No colexio practicanse unha serie de deportes: xadrez, tenis de mesa e fútbol sala.

En xadrez clasificáronse para as finais do torneo: Pablo López, Hugo Carballo, Andrea Crujeiras e Alexandro Rodríguez.

O campionato de tenis de mesa estase a celebrar no pavillón do colexio con unha grande participación.

En canto ó fútbol sala ...( o deporte máis practicado do colexio)... a primeira fase rematou coa victoria dos chamados "Salabardos". Acaba de comezar a segunda fase que rematará a fin de curso.

<u>DEPORTE ESCOLAR DA XUNTA DE GALICIA:</u> Os rapaces de Cela estiveron moi ben nas competicións de campo a través. Os mellores clasificados do Cross "Corredoiras" de Bueu,Pedestrismo de Cangas,Cross de Limens e da Final de Zona do Morrazo que se celebrou en Bueu, foron:

Minibenxamín femenino:Tamara Acuña e Davinia Padín

Minibenxamín masculino: Cristián Moares e Gonzalo Villanueva.

Benxamín femenino: Marta García e Luisa García

Benxamín masculino:David E. Otero e José Luís Freire.

Alevín femenino: todo o equipo formado por Nerea Acuña,Patricia Vidal, Romina Portela, Sheila Lobeira, Andrea Crujeiras e Noelia García que se clasificaron para a final da área Norte de Pontevedra e despois da súa destacada actuación nesta proba celebrada en Pontevedra competirán na Final do Campeonato Provincial de Campo a Través o día 6 de Febreiro na Estrada.

Alevín Masculino: Todo o equipo formado por Hugo Carballo, Tomás Cerviño, Abraham Piñeiro,Daniel Loira, Eugenio Martínez e Pablo López. Este equipo clasificouse para a final da Area Norte de Pontevedra onde tivo unha boa actuación non podendo clasificarse para a final provincial por moi pouco.

Dentro de pouco comenzarán as competicións de Atletismo, Xadrez e Tenis de Mesa.

Tamén estase a facer un campeonato de fútbol sala fora do colexio, no que participan varios equipos de diversos colexios, entre eles o de Cela Fútbol Sala.


14
CELA
2
2
VISITANTE
0'09
¡AUPA CELA!
SKINGERS


JAVI
Victor

# SOPA DE LETRAS

SOPA DE LETRAS

SOPA DE LETRAS

ATOPA AS SEGUINTES PALABRAS:
*ATLETISMO
*BEISBOL
*CICLISMO
*ESGRIMA
*FÚTBOL
*GOLF
*HÍPICA
*POLO
*RUGBY
*TENIS
*VELA

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O | Y | X | V | I | N | K | I | F | D | R | U | G | B | Y |
| M | L | I | F | D | T | X | A | M | I | R | G | S | E | I |
| S | Z | O | L | V | E | L | A | U | P | L | F | I | I | R |
| I | P | U | P | X | N | U | I | W | I | F | L | D | S | Q |
| L | J | H | I | P | I | C | A | U | S | U | P | L | B | K |
| C | O | W | U | R | S | X | Q | V | P | T | X | R | O | I |
| I | P | V | S | O | K | S | Y | W | I | B | A | H | L | R |
| C | S | A | T | L | E | T | Í | S | M | O | W | U | P | J |
| P | W | T | O | K | F | D | A | J | F | L | O | G | R | Y |

A CULPABLE E: SABRINA 6º CURSO

ATRÉVETE A ATOPAR OS NOME DE ESTAS DEZ PLANTAS E ARBUSTOS:

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | M | A | P | O | L | A | C | E | I | M | L | I |
| X | E | T | O | X | O | D | A | B | V | M | S | R |
| R | X | A | T | A | H | E | R | U | E | M | X | O |
| X | E | R | A | N | I | O | A | P | A | O | A | S |
| R | B | V | U | S | G | Z | V | M | O | S | S | A |
| O | D | Z | T | R | U | F | E | N | L | A | M | T |
| S | G | L | A | D | I | O | L | O | R | U | I | O |
| A | T | U | L | I | P | A | N | O | O | S | N | X |

*AMAPOLA
*CARAVEL
*TULIPÁN
*XERANIO
*GLADIOLO
*XASMÍN
*ROSA
*TOXO
*MIMOSA
*UZ

FOI: SHEILA LOBEIRA MARTÍNEZ 6º

ATOPA O NOME DOS SIGUINTES PERSONAXES:
*ZAPE
*MORTADELO
*FILEMÓN
*ZIPI
*ÁSTERIX
*OBELIX
*HEIDI
*LULÚ
*SONGOKU

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | A | N | Z | A | P | E | M | L | A |
| O | S | F | Z | I | T | O | K | A | O |
| N | N | I | L | T | P | N | N | N | K |
| G | P | Á | U | A | K | I | L | O | I |
| O | E | A | L | A | B | B | F | P | T |
| K | R | S | U | A | D | O | I | R | A |
| U | M | T | L | P | R | O | L | S | P |
| N | M | O | R | T | A | D | E | L | O |
| O | N | P | I | P | I | S | M | T | B |
| H | E | I | D | I | C | C | O | A | E |
| L | R | V | I | N | L | M | N | B | L |
| L | T | Z | A | S | T | E | C | D | I |
| E | A | A | S | T | E | R | I | X | X |

FUCHES TI: ROSA MARÍA COSTA OGANDO 6º

SOPA DE LETRAS

SOPA DE LETRAS


PAZ
DANIEL LOIRA POUSEU 6º
GUERRA